



## INFORMACIÓN PARA A ADMISIÓN DE ALUMNADO (curso 2026/27)

- 1- Normativa reguladora da admisión de alumnado na Educación Secundaria Obligatoria e no Bacharelato:
  - Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG do 8 de novembro de 2022)
  - Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG do 11 de febreiro de 2022)
- 2- O alumnado matriculado nun centro docente ten garantida a súa permanencia nel. Sen prexuízo diso poderá presentar solicitude de admisión noutro centro educativo na forma e prazo indicados na normativa reguladora. O alumnado perderá o dereito de permanencia no centro de orixe se figura admitido na listaxe definitiva de admitidos do novo centro.
- 3- Prazo de presentación de solicitudes de reserva para o curso 2026/27: do 15 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2026. A solicitude de reserva de praza poderá presentarse indistintamente no centro no que estea matriculado nese momento ou no centro adscrito.
- 4- Data de publicación da listaxe de alumnado con posto reservado: 22 de febreiro de 2026.
- 5- Oferta de postos escolares para o curso 2026/2027:

<b>ESO</b>	<b>1º ESO: 24</b>	<b>2º ESO: 11</b>	<b>3º ESO: 15</b>	<b>4º ESO: 12</b>
<b>Bac</b>	<b>1º Bac: 11</b>	<b>2º Bac: 26</b>		

- 6- Prazo de presentación de solicitudes de admisión para o curso 2025/26: do 1 ao 20 de marzo de 2026.
- 7- Nota informativa:
  - O alumnado poderá presentar solicitude de admisión indicando ata seis centros por orde de preferencia e alegando os criterios de baremo que lle sexan aplicables. As solicitudes de admisión poderán presentarse mediante o formulario normalizado a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>. Tamén se poderán presentar de forma presencial no centro no que se solicita praza en primeiro lugar. (O formulario está dispoñible en: [www.sede.xunta.gal](http://www.sede.xunta.gal), [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) e nas dependencias dos centros educativos).
  - Para renunciar a unha solicitude de admisión deberá presentar unha nova solicitude indicando nela a renuncia expresa á anterior. A falla de renuncia expresa pode ser causa de perda do dereito a participar no procedemento.
  - A solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante.
- 8- Prazo de presentación de documentación acreditativa dos criterios de baremo (se fose necesario): 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.
- 9- Data de publicación da listaxe provisional de admitidos: o 25 de abril de 2026.
- 10- Prazo de reclamación á lista provisional de admitidos: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da lista.
- 11- Data de publicación da lista definitiva de admitidos: o 15 de maio de 2026.
- 12- Prazo para formalizar a matrícula: do 23 de xuño ao 7 de xullo de 2026.
- 13- Os centros que o I.E.S. "Río Miño" ten adscritos son os seguintes: C.E.I.P. "Laverde Ruiz" (Outeiro de Rei), C.E.I.P. "Otero Pedrayo" (Rábade) e C.E.I.P. "Virxe do Corpiño" (Begonte).
- 14- Servizos complementarios do centro: transporte (só para alumnado que pertenza á área de influencia do centro).
- 15- A matriculación neste centro implica respectar o seu proxecto educativo.
- 16- Poderase consultar na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>: o cronograma do procedemento de admisión, a previsión de postos escolares, a relación do alumnado admitido para cada curso, o estado de tramitación da solicitude, a listaxe de alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva de alumnado admitido.